

PROGRAMA EXTRAORDINARIO
DAS PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS E MICROEMPRESAS CON
ACTIVIDADES ESPECIALMENTE PARALIZADAS POLA COVID-19

[TR760A]



Persoas beneficiarias

Persoas traballadoras **autónomas no RETA**,
persoas traballadoras **por conta propia**,
persoas **mutualistas, comunidades de bens, sociedades civís, cooperativas, microempresas e outras formas xurídicas**:

- Con domicilio fiscal en Galicia.
- De alta con anterioridade ao 1 de xaneiro de 2019.
- Cunha **baixada da facturación dun 65% ou máis no 2021 respecto ao 2019**.



Aberto o prazo ata o 3 de xuño

Terán tamén a consideración de persoas **beneficiarias as persoas traballadoras autónomas de tempada** en alta na data da solicitude e que tiveran estado de alta entre 4 e 9 meses no 2019.



Quedan excluídas as actividades para as que se convocaron **axudas específicas no contexto da COVID-19** das consellerías da Xunta de Galicia competentes por razón da materia, entre outras: hostalería, axencias de viaxe, lecer nocturno, pesca, acuicultura e actividades culturais.



Contía dos apoios

O importe da axuda(*) estará en función da facturación acreditada no 2019:

Facturación superior a 30.000€	12.000 €
Facturación superior a 20.000€ e ata 30.000€	8.000 €
Facturación superior a 12.000€ e ata 20.000€	6.000 €
Facturación superior a 8.000€ e ata 12.000€	4.000 €
Facturación superior a 5.000€ e ata 8.000€	2.000 €
Facturación igual ou superior a 4.000€ e ata 5.000€	1.000 €

(*) Para as persoas autónomas de tempada estes importes reduciranse ao 50%

PROGRAMA EXTRAORDINARIO
DAS PERSOAS TRABALLADORAS AUTÓNOMAS E MICROEMPRESAS CON
ACTIVIDADES ESPECIALMENTE PARALIZADAS POLA COVID-19
[TR760A]



Principais obrigas das persoas beneficiarias

- Estar de alta no réxime da Seguridade Social ou asimilable **no momento da solicitude**.
- Manter a alta na actividade **6 meses** desde a publicación desta axuda.
- Haber tido unha **facturación mínima de 4.000€** no ano 2019.
- **Estar ao corrente** nas súas obrigas tributarias (estatais e autonómicas) e coa Seguridade Social.
- Dispoñer dos **libros contables**, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación.
- Cumprir coas **medidas de comunicación e información** establecidas.

Acceso á ficha da
sede electrónica



VR 0305|2022

- Pulsa para acceder -



Só se admitirá unha solicitude por persoa. No caso de presentarse unha nova solicitude, entenderase desistida a anterior, salvo que xa estivera resolta.



Documentación acreditativa baixada facturación

- As **persoas autónomas en estimación directa, sociedades e outras formas xurídicas** a través dos modelos da AEAT 390, 303, 130, 131 da AEAT os anos 2019 e 2021 ou outros documentos.
- As persoas autónomas en **estimación obxectiva** a través dos libros de facturas emitidas e recibidas, cos libros diarios de ingresos e gastos, cos libros rexistro de vendas e ingresos ou cos libros de compras e gastos do 2019 e 2021 ou con calquera outro medio que permita acreditar a dita diminución.



Forma de pagamento da axuda

- A resolución de concesión da totalidade da axuda **realizarase unha vez acreditado o cumprimento dos requisitos establecidos**.
- Procederase ao seu pagamento **na conta indicada** na solicitude.